

Vigo, 20 de abril do 2024

Vitor Manuel Mariño Fernández
Secretario da Sección Sindical da CUT Citroen: 605830802
citroen@cutgaliza.org

A CUT Citroen quere manifestar a súa desconformidade ante a publicación do salario do CEO de STELLANTIS que ascende ata os **36.5 millóns de euros no 2023, un 35.6% mais que no 2022 e un 47,9% mais que no 2021**. Un salario inmoral se consideramos o acontecido nos últimos anos coas persoas traballadoras do Centro de Vigo, onde a perda de poder adquisitivo, o aumento da carga de traballo e o deterioro da saúde ... esta a provocar que os traballadores de novo ingreso decidan abandonar voluntariamente á fabrica, ou que incluso moitos traballadores indefinidos decidan acollerse aos ERE.

HISTORICO SALARIO CEO TAVARES

2019	7,6 mill
2021	19,15 mill
2022	23,4 mill
2023	36,5 mill

Para igualar o salario de Tavares do ano 2023:

*-Un traballador de novo ingreso tería que traballar **1.765 anos** ata chegar aos 36.5 millóns de euros.*

*-Mantendo os actuais ritmos de produción, un traballador que realice 420 coches por xornada, 60 segundos de operacións en cada vehículo, e que realice o aprete de 10 tornillos por coche, para igualar o seu salario realizaría mais de **1.700.000.000** apertes de tornillos.*

O grupo STELLANTIS, aproveitouse baixo o slogan da “competitividade” para reducir as condicións sociais i económicas das persoas traballadoras. Unha competitividade que, o único que arroxa é **un incremento na marxe beneficios e dun maior reparto de dividendos para os accionistas**, non así para as persoas traballadoras do centro de Vigo, sen que exista unha contraprestación ás persoas traballadoras que son as que realizan o esforzo e sacrificio dun sistema de traballo na fabrica de Vigo, que ten unhas cargas de traballo abusivas, xerador de enfermidades profesionais derivados dos traballos repetitivos.

O salario de Tavares resulta inmoral ante as exixencias de axudas publicas e a chantaxe as persoas traballadoras como quedou constatado na negociación do derradeiro convenio

NOTA DE PRENSA



colectivo, onde non se recompensaron tódolos esforzos das persoas traballadoras tendo en conta a rendibilidade do grupo.

A CUT tamén quere por de manifesto a situación de excepcionalidade que ten que no Centro de Vigo, existan 200 persoas de persoal “cadro”, das que se descoñecen as súas condicións económicas e sociais, beneficios como vehículos, alugueres, dietas, viaxes, seguros privados... ao estar fora do convenio co beneplácito do SIT, CCOO e UGT, e que descoñecemos se van ter un bonus millonario como paga de beneficios. Estas persoas que deciden recortar postos, aumentar cargas de traballo ... probablemente perciban beneficios a consta de precarizar as condicións da maioría das persoas traballadoras.

PAGA DE BENEFICIOS E DISCRIMINACIÓN EN SITUACIÓN DE IT

	Beneficios Grupo	Paga de beneficios
2019	3.584 MILL	1.770 €
2020	2.173 MILL	1.979 €
2021	13.400 MILL	2.343 €
2022	16.779 MILL	1.727 €
2023	18.625 MILL	1.676 €

Por outra banda esta dirección e os seus colaboradores SIT, CCOO e UGT non deixan de sorprendernos, co convenio aínda sen rexistrar. Porque pensan que están por riba do ben e do mal e non están dispostos a rectificar, agora veñen con outra novidade. Resulta que a paga deste ano **SI SE VAI A VER AFECTADA POLAS BAIXAS do ano pasado**, cando supostamente este ano non sería de afectación. Coa sinatura do convenio os sindicatos asinantes dicían que agora si nos equiparabamos a Francia.

Nin tan sequera van a igualar o salario de referencia que sitúan en 25.000 euros, que por certo supón **1.460 veces** menos o salario a percibira Tavares.

Dende a CUT tivemos claro dende o primeiro día e así o dixemos, que é discriminatorio que a paga de beneficios se vexa diminuída por problemas de saúde .

Veremos de que parte se posicionan no xulgado cando chegue o momento. Agora teñen unha oportunidade de rectificar na comisión do convenio ante as solicitudes da CUT, e asumir a súa responsabilidade coas persoas traballadoras.

Atte.

Sección sindical da CUT

